

# Nevaradas

Que haxa nevaradas en Pedrafita non é novidade. Hai quen dí mesmo que neva menos que antes. Pero como tódolos anos temos profesores novos, sempre temos algún que apampa cando a neve cubre a entrada do Centro. E sempre temos a alegre visita da TVG que nos ven preguntar cómo o levamos. E nós, como o todo o mundo sabe, o levamos ben: agardando a que nos evacúen e nos manden ir para a casa a descansar un pouquechín.



## ANTROIDO

Celebramos o noso Antroido o día tres de marzo. Cada curso argallou o seu disfraz e saímos feitos unas mascaritas por Pedrafita adiante.

A neve nos sorprendeu polo camiño, así que o retorno resultou un pouco frío. Non sabemos qué tal o levarían as xoaniñas.



# PREGÓN: ANTROIDO 2010

Boas tardes e bo antroido!

Un ano máis vos convidamos a divertirvos, a ser o que queirades ser e cantar o que queirades cantar. A abandonar as formas ás que estades atados, a soltavor desas cadeas que vos impoñ a sociedade.

O noso ben querido señor Antroido encomendounos a tarefa de facer este pregoñ a cambio de poder participar nosoutras tamén.

Este ano o traballo foi moi complexo, pareciamos investigadores detrás de pistas imposibles (conversas, indicios dos traxes...)  
Pero bueno, non pensedes que non descubrimos nada, si sabemos que os de 1º e 2º ciclo van de peregrinas. Os de 3º ciclo misterio, misterio, non nolo quixeron dicir.  
Os de 1º de ESO van de "hippis" como din eles « paz e amor ».

2º vamos imitando aos do luar.: Gayoso, Mucha e Nucha, Carminã e Gelines... e outros máis.  
3º e 4º, picares, tampouco o sabemos.

Bueno despedimonos, que estades desexosos de que comeze o festival e non vos queremas facer asgardas.

Ata outro ano!

Pregoeiros  
do señor Antroido

# DÍA DA MULHER: CONTRA O MALTRATO

## MANDAMENOS DA NON VIOLENCIA

1. AMARÁS A TUA PARELLA CON TODA A TUA ALMA,  
CON TODO O TEU CORAZÓN CON TOMARÁS CON TODAS  
AS TUAS FORZAS.

2. NON TOMARÁS EN FALSO O NOME DA TUA  
MULLER, RESPECTARALA E NON ABUSARÁS DA SÚA  
PERSOA.

3. DEBERÁ DESCANSAR .

4. HONRARÁS A TUA FAMILIA

5. NON MAZARÁS !!

6. NON COMEZERÁS ADULTERIO. SERÁS FIEL A TUA  
MULLER,

7. NON ROUBARÁS A SÚA AUTOESBIMA

8. NON DARÁS FALSAS TESTEMUÑAS E SERÁS SINCERO E  
COMPRENSIVO.

9. NON CODICIARÁS A MULLER DOS OUTROS. COIDA A  
TUA.

10. NON CODICIARÁS OS BENS ALLEOS, " ONDE ESTÁ O  
TEU BESOUREO, ALÍ ESTARÁ O TEU CORAZÓN."

ESSES 10 MANDAMENOS FÉCHANSE NUN:

AMARÁS A TUA COMPAÑEIRA SOBRE  
TODAS AS COUSAS.

4º 680

Por que?

Durante 10 anos fíxeme a mesma pregunta, cuxa resposta aínda hoxe non sei.

Por que aquel home o que amo e ameí me facía sentir como se fose a peor das persoas, nin tan segura unha delas.

Antes pensaba que era a miña culpa, mais é agora cando me dou conta de que daquela eu era a vítima, unha vítima que calaba, que se agochaba na penumbra da habitación despois de que a maltratase.

É agora... tras moito tempo de silencio xa non podo permitir que siga coa humillación, dor e sufrimento ao que estou sometida. Pero non sei se poderei vivir doutro xeito, mais polo amor dos meus fillos e por min mesma xa non podo aceptar máis.

30/08

## ESCOLAS VIAXEIRAS



Os alumnos dos últimos cursos de primaria tivemos a sorte de que nos seleccionaran para participar, xunto con outros centros, no programa de escolas viaxeiras. Para preparar a excursión que nos ía levar ata Murcia, fixemos algunhas actividades cos compañeiros dos outros colexios, para irnos coñecendo un pouco. As fotos que poñemos aquí son dunha marcha que fixemos desde Pedrafita ata o Cebreiro.





Pasámolo moi ben en Murcia, onde fixemos un montón de actividades. Moitas delas, que tiñan que ver co mar, non son habituais para nós, que somos máis de terra adentro. Aínda así, desenvolvímonos con moita soltura e

elegancia natural, como podedes ver polas fotos. Tamén visitamos a cidade histórica de Lorca... xunto no mesmo día en que aconteceu o famoso terremoto









## Actuacións no colexio

Como tódolos anos, o noso colexio foi un centro de espectáculos culturais de primeira orde: tivemos un pouco de todo: maxia, xontacontos, obradoiros... As fotos desta páxina son dun espectáculo de maxia que tivemos para os alumnos de infantil e primaria.



## Excursión a Samos



A finais de marzo, o alumnado de secundaria realizou a súa primeira excursión. Desta vez fomos a un lugar moi achegado a nós: a abadía de Samos. Fixemos un pequeno tramo do Camiño Francés, xustamente o que une a vila de Triacastela con Samos. Dicían que ía chover, pero o certo é que o día foise mantendo e ó remate resultou estupendo para camiñar. Pola tarde visitamos o complexo monacal e máis a súa igrexa, que é un estupendo exemplo de edificio barroco do século XVIII. Tamén fomos ver a pequena “capela do ciprés”, un edificio moito máis pequecho, datado no século X.



## EXCURSIÓN A TRIVES

O 13 de abril os alumnos de Secundaria marcharon de excursión a Trives, para percorrer un tramo da vía romana que unía noutroa a cidade de Bracara Augusta (Braga, en Portugal) con Asturica Augusta (Astorga). Ó longo de camino vimos a ponte



medieval sobre o río Navea, edificada sobre alicerces de época romana e a ponte Cabalar. O percurso rematou ante a vella ponte romana sobre o río Bibei, levantada nos tempos do emperador Traxano (século II despois de Cristo).

## Excursión ó Bierzo

Os de secundaria voltaron ir de excursión o 9 de maio. Desta vez ó seu destino eran diferentes puntos da veciña bisbarra leonesa do Bierzo. Alí –ademáis de ir mercar ó Rosal-, tiveron a oportunidade de subir ó Castelo de Sarracín, en Veiga de Valcarce, coñecer as minas romanas das Médulas e visitar o renovado Castelo dos Templarios, na cidade de Ponferrada.



O certo é que tivemos bastante sorte co tempo. Pero en Ponferrada pasamos bastante calor



## INVESTIGACIÓN: AS TERRAS DE PEDRAFITA NA HISTORIA

Ó longo do curso os alumnos de 2º de ESO desenvolveron na clase de sociais, nunha hora á semana, unha pequena investigación sobre o concello de Pedrafita nos tempos pasados. Trátase dunha tarefa á que xa se teñen dedicado outros alumnos en cursos anteriores e que ten xa os seus pequenos resultados. Para as súas pescudas empregaron a numerosa información que hoxe en día está disponible na internet a través do portal PARES (Portal de arquivos españoles en red) do ministerio de Cultura. Tamén empregaron outras fontes como un atado conservado no Arquivo Histórico Nacional de Madrid do que dispón unha copia o noso centro.

Do Portal de Internet sacaron información fundamentalmente do Catastro de Ensenada, realizado no século XVIII; pero tamén do rexistro de executorias da Real Chancelaría de Valladolid, que nos permitiu atopar dúas copias de documentos reais, que se convirten así nos textos máis antigos conservados dirixidos ó priorato de Santa María a Real do Cebreiro. Un é a doazón efectuada pola Raíña Urraca do lugar de Perexe e o outro unha doazón de Alfonso IX de León dun monte a prol do mesmo mosteiro. Ofrecémosvos aquí os seus textos



1118-III-28

*A Raíña Urraca concede ós irmáns do Hospital de Santa María do Cebreiro a villa de Perexe, e acótalla.*

In nomine Sancte et individue Trinitatis, Patris videlicet ac Filii et Spiritus Sancti. Amen.

Ego Urraca, Dei gracia Hispanie Regina, regis Adefonsi regineque Constanciae filia, facio kartam stabilitatis sive testamentum firmitatis omnibus fratribus apud Hospitale Sanctae Mariae Montis Zebrarii comorantibus et Christo servientibus, et omnibus eorum subcesoribus, de quadam villa nomine Perexe, quod iacet inter Burbia et Tabulatellium, cum suis solaribus populatis et non populatis, terris, vineis, pratis, pascuis, montibus, ribis, fontibus, arboribus fructuosis, exitibus et regresibus, et omnibus quod ad predictam villam, nomine Pereie, pertinent ubicumque sint. Hanc autem villam dono et concedo Sancte Marie Montis Zebrarii et fratribus ibi Christo servientibus presentibus et futuris, ob Dei amorem et remedium anime mee et animarum parentum meorum et pro ut in profecto loco ad servitium pauperum et peregrinorum. Et sit coutata sicut in diebus patris mei cum omnibus quod ad eam pertinet.

Si quis autem vir vel femina contra hanc testamenti seriem venire tentaverit, quicumque fuerit, sit a corpore et sanguine Domini alienatus et cum Datam et Abiron, quos terra absorvuit, penis

perpetuis sepultatus; et insuper exolvat prenomatis viris sive subcesoribus suis ad eorum vicem tenenti et causam defendenti C<sup>m</sup> libris auri purissimi si dari potuerit ipse vel in cuius potestate ipse moratus fuerit.

Et est coutum quod ego coctum, et est coutatum per terminos istos: per Penam Abbatis ex parte Villafrance, et ex parte Tabulatelum per Penam Crucis Portis, et per Castrum Pereie et per serram Sorvales et per serram Pradela, vertentibus aquis ex una parte et altera ad rivum de Vallecanceris. Et hoc karta maneat firma et stabile omni tempore.

Facta karta die agnito V kalendas aprilis era MCLVI.

Didagus Compostelanus episcopus confirmat.- Rodericus comes, confirmat.- Bernaldus, Toletanus archiepiscopus confirmat.- Petrus episcopus Lucensis confirmat.- Munio comes confirmat.- Froila comes confirmat.- Oero Ardoniz testis.- Ioannes.- Ramirus testis.- Pelagius episcopus Astoricensis confirmat.- Bermudus Didaci confirmat.- Oveco Comes confirmat.- Velit testis.- Petrus testis.- Dominicus testis.

Ego Petrus Vicencii regine notarius scripsi.



1189-VIII-12, Bura

*O rei Afonso IX concede ó mosteiro de Santa María do Cebreiro o monte de Cabavia e llo acouta.*

b.- Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, registro de ejecutorias, caja 1289, 5; f. 3r.

Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, registro de ejecutorias, caja 1484, 14; f. 3r.

In Dei nomine. Ego Adefonsus, Dei gratia Rex Legionis et Galletie, per istud scriptum notum Facio universis de Vallebona et aliis de Beriz et de aliis partibus regni mei, quod do et hereditario iure concedo Deo et hospital Sancte Marie de Zebrario illum montem de Cabavia per suos términos et divisiones novas et antiquas, scilicet, per causam de Geladas, et per cima de Mudreiro, et inde per caudam et per fontem regis et per ipsum hospitale de Zebrario, et inde per incruciladas de Elbides, sicut vadit ipsa carreira ad Rium Vellidum, et inde per penam Garsiam. Hoc autem Facio ob remedium anime mee et anime patris mei, et quia partem habere desidero in orationibus et beneficiis que in ipso hospital et aliis bonis mansionibus Domino exhibentur.

Si quis igitur istam cartam infringere aut violare modo aliquo atentaverit et in istam meam donationem voluerit revocare, iram Dei habeat et maledicionem et rengiam indignationem incurrat, et quantum in ista donatione mea invaserit, in duplum restituat; et pro ausu temerario regie voce mille morabetinos persolvat.

Facta carta apud Buraon pridie idus augusti, era millesima ducentesima vigesima septima.

Ego rex domnus Adefonsus hanc cartam roboro et confirmo.

Petrus Compostellanus archiepiscopus confirmat.- Manricius Legionensis episcopus confirmat.-  
Fernandus Astoricensis episcopus confirmat.- Rudericus Lucensis episcopus confirmat.-  
Alfonsus Auriensis episcopus confirmat.

Comes Fernandus regis maiordomus confirmat.- Ioannis Fernandi regis signifer confitmat.-  
Froila Ramiriz tenens Asturias de Tineu confirmat.- Rodericus Petri tenens Maioricam confirmat.-  
Alvarus Diaz tenens Urcelion confirmat.

Froyla scripsit. Roderico Fernandi cancellario existente.

Tamén fixemos unha lista dos lugares nos que o Hospital cobraba rendas a comezos do século XVIII seguindo un “encabezado” realizado cara a 1700. Os resultados foron os seguintes:


| PARROQUIA   | LUGARES    |
|-------------|------------|
| O Cebreiro. | O Cebreiro |
|             | Fontevedra |
|             | Pedrafita  |
|             | Barxamaior |
|             | Foxos      |
|             | A Mata     |
|             | Modreiro   |

|                            |                   |
|----------------------------|-------------------|
|                            | Busnullán         |
|                            | Teixoeiras        |
|                            | Fonteferreira     |
|                            | A Moeda           |
|                            | Lagúa de Táboas   |
| <b>Ríocereixa</b>          | Pena Seara        |
|                            | Riocereixa        |
|                            | San Pedro         |
|                            | Fonte Formosa     |
|                            | Chan de Pena      |
| <b>Zanfoga</b>             | Zanfoga           |
|                            | Acibo             |
|                            | Rubiais           |
|                            | Brañas            |
|                            | Veiga de Brañas   |
|                            | Fonteboa          |
|                            | Fonlor            |
|                            | Rabaceira         |
|                            | Santín            |
| <b>Liñares</b>             | Liñares           |
|                            | Celeiró           |
|                            | Coterces          |
|                            | Mimbreira         |
| <b>Hospital da Condesa</b> | Hospital          |
|                            | Villarín do Monte |
| <b>Veiga de Forcas</b>     | Veiga de Forcas   |
| <b>Padornelo</b>           | Padornelo         |
|                            | Temple            |


Ademáis deste bens situados dentro do actual concello de Pedrafita, o Hospital tiña noutros lugares, como: Pereje, A Pedriña, Hospital Inglés, La Faba, Lindoso, Pacios do Courel e Noceda do Courel. Na xurisdición de Torés correspondíanlle: Medo, Alence, Quintela, Quintá, Santa María de Monterrodiz, Viladicente e Vilaveis. Tamén tiña bens na xurisdición de Doncos, en Chandrexa de Queixa (Ourense), e sobre todo, en Villafranca del Bierzo, onde recollía a maior parte do viño que consumía.

O Catastro de Ensenada, por outra parte, dános moitos datos no que se refire á poboación e os usos da terra. A partir deses datos puidemos facer a seguinte táboa, na que comparamos a situación demográfica do concello de Pedrafita cara a 1750, cos datos do censo de 1991. Esta comparativa nos amosra a importantísima caída poboacional que experimentaron as nosas terras.





Usando os datos que o mesmo catastro facilita sobre os usos e a distribución da terra, tamén construímos algunhas gráficas referentes ó estado deste aspecto nas diferentes parroquias que constitúen o concello.



# ÍNDICE

|  |    |
|--|----|
| Limiar.....  | 3  |
| Movemento de persoal.....                              | 4  |
| Actividades de Dinamización.....                       | 5  |
| Relato: O colgante enmeigado.....                      | 7  |
| Relato: Memorias dunha muller de montaña.....          | 9  |
| Caligramas.....  | 12 |
| O Magosto.....   | 15 |
| Lembrando a Rosalía de Castro.....                     | 16 |
| Samaín.....  | 17 |
| Clube de lectura.....                                  | 18 |
| Excursión á Coruña.....                                | 19 |
| Excursión a Lugo.....                                  | 20 |
| Día da paz.....  | 22 |
| Nevaradas.....   | 23 |
| Antroido.....  | 24 |
| Día da Muller: contra o maltrato.....                  | 26 |
| Escolas viaxeiras.....                                 | 28 |
| Actuacións no Colexio.....                             | 31 |
| Excursión a Samos.....                                 | 32 |
| Excursión a Trives.....                                | 33 |
| Excursión ao Bierzo.....                               | 34 |
| Investigación: As terras de Pedrafita na historia..... | 35 |

